



ALUMNADO

- O alumnado deberá actuar sempre de acordo coas indicacións do seu docente e en ningún caso deberá seguir iniciativas propias.
- O alumnado ao que o profesorado lle encomendou funcións concretas, responsabilizarase de cumprilas e colaborar co profesorado para manter a orde do grupo.
- O alumnado non recollerá os seus obxectos persoais, para evitar obstáculos e demoras.
- O alumnado que ao soar o sinal de alarma se atope nos aseos ou noutros locais anexos, na mesma planta da súa aula, deberá incorporarse con toda rapidez ao seu grupo. Si se atopa noutra planta, incorporarse ao grupo mais próximo no momento da saída, posteriormente incorporárase ao seu grupo no punto de reunión, dando aviso.
- Todos os movementos deberán realizarse axiña, pero sen correr, sen atropelar nin empuxar aos demais
- Ninguén deberá deterse xunto ás portas de saída.
- O alumnado deberá facer este exercicio en silencio e con sentido de orde e axuda mutuos, para evitar atropelos e lesións, axudando aos que teñan dificultades ou sufran caídas.
- O alumnado deberá realizar a evacuación respectando o mobiliario e equipamento escolar e usando as portas co sentido de xiro para o que están previstas.
- No caso de que nas vías de evacuación exista algún obstáculo que dificulte a saída na evacuación, será apartado polo alumnado, se fose posible, de forma que non provoque caídas de persoas ou deterioro do obxecto.
- En ningún caso o alumnado deberá volver atrás co pretexto de buscar irmáns menores, amigos ou obxectos persoais, etc.
- En todo caso os grupos permanecerán sempre unidos sen disgregarse nin adiantar a outros, mesmo cando se atopen nos lugares exteriores de concentración previamente establecidos, con obxecto de facilitarlle ao profesorado o control dos mesmos.



PUNTO DE REUNIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL.